



Informe de xestión

2019-2021

1. Introducción ao documento

O presente informe a analiza a situación da nosa organización neste período entre Asembleas Nacionais ordinarias, abranguendo desde a XVI Asemblea Nacional ata a actualidade, recollendo os feitos que nos levaron á realización dunha Asemblea Nacional Extraordinaria no 2019 e presenta o traballo realizado neste período de 3 anos. Este informe ten por obxectivo analizar os erros e os acertos cometidos pola organización, así como avaliar o funcionamento e traballo da organización. Para facilitar a comprensión e dinamizar a lectura a análise da situación organizativa e do traballo realizado foi dividida en dúas partes marcando como límite temporal a Asemblea Nacional Extraordinaria.

2. Primeiro tramo do período

2.1 Situación organizativa

O inicio do período post-asemblar da XV Asemblea Nacional de Galiza Nova amosou deficiencias a nivel organizativo, tanto nacional como comarcal. En ningún momento a organización chegou a acadar un ritmo de traballo similar a anos anteriores e o nivel de paralización a nivel nacional amosou que as comarcas por sí soas parecían non contar con iniciativa sen dirección desde a nacional.

Durante o primeiro trimestre do período a actividade nacional estivo centrada en traballo organizativo e formativo interno, coa elaboración e presentación do Protocolo de novas altas e o Manual de Responsabilidades Comarcais. Se ben é certo que durante esta etapa desenvolvemos unha Campaña de Antifascismo que tivo unha moi boa acollida entre a mocidade, non fomos quen de desenvolver nin elaborar ningunha outra campaña. Por outro lado, levamos adiante unha das encomendas da XV Asemblea Nacional, que foi a intensificación do nivel formativo das xornadas aproveitando a celebración das XX Xornadas de Historia de Galiza en Lugo.

A comezos do 2019, a Dirección Nacional comezou a traballar na elaboración das propostas de campaña cara as eleccións xerais, europeas e municipais, mais este proceso viuse paralizado pouco despois. O traballo previo ás eleccións centrouse finalmente na realización dun acto nacional en marzo para lanzar unha campaña baixo o lema “É a hora da Galiza”. Programouse a realización dunha serie de artigos de compañeiras militantes para visibilizar á mocidade que fai parte das candidaturas do BNG.

2.1.1 Aplicación do protocolo de actuación fronte agresións machistas e LGTBfóbicas ao ex-Secretario Xeral.

No mes de marzo de 2019 a organización iniciou a aplicación do Protocolo de actuación fronte agresións machistas e LGTBfóbicas aprobado na XV Asemblea Nacional ao actualmente ex-Secretario Xeral tras recibir unha denuncia por maltrato psicolóxico. Coa apertura do proceso decidiuse apartar ao ex-Secretario Xeral, quedando suspenso de cargo e de militancia, así como fóra de todo organismo, tanto de Galiza Nova como do BNG, ate que concluíse o mencionado protocolo de actuación. Iniciase entón a apertura do proceso, designando a dúas persoas integrantes da Mesa

Nacional da Asemblea de Mulleres de Galiza Nova o máis alleas posíbeis a ambas partes implicadas coa intención de garantir a imparcialidade deste proceso. As persoas designadas reuníronse de xeito individual con cada unha destas persoas e posteriormente con testemuñas escollidas de ambas partes. A información trasladouse á Comisión Permanente para posteriormente realizar unha convocatoria de urxencia da Dirección Nacional o 27 de abril de 2019 elaborando ademais unha proposta de resolución. Esta información levouse tamén á Mesa da Asemblea de Mulleres, que fixo a súa propia proposta de resolución na que propoñía a destitución do Secretario Xeral mais non a súa expulsión.

Na Dirección Nacional fíxose por parte da Permanente unha introdución á cuestión que nos levaba a realizar esta xuntanza e deu conta do inicio da aplicación do protocolo. As persoas designadas para aplicar o protocolo expuxeron de maneira detallada o procedemento seguido, sempre tratando de respectar a intimidade da moza denunciante. Por outro lado, deuse conta da recepción dunha carta de dimisión enviada polo ex-Secretario Xeral á cal se deu lectura na Dirección Nacional. Finalmente, o conxunto da Dirección Nacional posicionouse nos termos de non aceptar a dimisión do Secretario Xeral e ser a propia Dirección Nacional a que o destituíse do cargo. Despois disto realizouse unha votación secreta na que se decidiu a súa expulsión por manter actitudes e actuacións machistas contrarias aos principios que defende Galiza Nova.

Asemade, desde a Dirección Nacional e a Comisión Permanente debemos realizar un exercicio de autocrítica, recoñecendo que na comunicación co conxunto da organización houbo deficiencias que crearon en parte da nosa base militante unha falta de coñecemento da situación que non é positiva. A comunicación coa persoa denunciante tamén foi irregular no tempo, polo que debemos mellorar as ferramentas de apoio cara as persoas que denuncien este tipo de condutas.

En relación á comunicación interna e externa desta situación, acordamos tratar co BNG os pasos a seguir. Naquel momento o Consello Nacional do BNG tomou coñecemento do proceso realizado por Galiza Nova, respectándoo e procedendo a executar a baixa da organización do ex-Secretario Xeral, mediante un comunicado exposto no Consello Nacional do BNG. En todo caso, o BNG nunca puxo en dúbida o debate e as decisións tomadas pola Dirección Nacional de Galiza Nova.

O debate realizado e a decisión tomada en dita Dirección Nacional puxo de manifesto as seguintes deficiencias. Primeiro, as eivas do Protocolo de actuación contra as violencias machistas e LGBTfóbicas, incrementadas por tratarse da persoa que ocupaba a máxima responsabilidade na organización. Segundo, a dificultade de tomar decisións tan complexas no seo dunha organización xuvenil, sen contar con toda a información necesaria e debendo actuar máis aló de feitos contrastados.

Após a expulsión do Secretario Xeral de Galiza Nova a organización viu aínda máis agravada a situación inicial de inoperatividade. A nivel nacional todo o peso recaeu sobre a Área de Organización e sobre a Comisión Permanente, levándose adiante unha campaña das eleccións galegas de mínimos. Para emendar a situación de excepcionalidade, a organización convocou unha Asemblea Nacional Extraordinaria na que se renovou a composición da Dirección Nacional e se escolleu unha nova Secretaría Xeral.

2.2 Traballo Realizado

2.2.1 Campañas electorais

A raíz destes acontecementos, a organización sufriu unha paralización aínda maior. O nivel de impacto do acontecido foi elevado tanto na Comisión Permanente, lastrando a capacidade executiva da mesma como a nivel comarcal. O traballo a enfrontar neste segundo trimestre constituía o desenvolvemento primeiro, da Campaña das Eleccións Xerais e posteriormente da Campaña cara as Eleccións Municipais e Europeas. A actividade en ambas campañas foi encadrada dentro da actividade programada polo BNG e mais alá dos repartos sobre o Voto por Correo e da colocación de postos de Galiza Nova dos actos do BNG, poucas comarcas foron quen de programar traballo propio. Deste xeito, unha das encomendas claves da Dirección Nacional, que era a realización de encontros de mocidade, tivo lugar en poucas comarcas.

2.2.2 Semana da Patria

Após as eleccións, na Dirección Nacional de xuño comezamos a traballar cara a realización da III Semana da Patria Galega. Desta volta, decidimos encarar estas actividades desde unha perspectiva distinta, pulando por realizar actividades primando o cualitativo fronte ao cuantitativo. A pesar de non esixir tanta intensidade ás comarcas, todas fixeron o traballo encomendado, conseguindo o obxectivo cualitativo e incluso superando as expectativas a nivel cuantitativo.

O noso voceiro nacional "Mocidade" contou neste ano con temáticas diversas, desde o traballo do BNG e na nosa voz en Europa, a problemática do emprego e o acceso a unha vivenda por parte da mocidade, unha entrevista ao Responsábel Nacional da organización Avante LGBT, un artigo sobre o noso desempeño e liñas de actuación na política municipal ou unha ollada ao proceso da Revolta de Allariz, que neste 2019 cumpriu 30 anos desde que a veciñanza da vila foi quen de mudar para sempre o seu futuro.

Nesta edición do Mocidade cabe destacar a mellora substancial do traballo da nosa militancia á hora de contribuír a facer viábel a publicación, cunha implicación maior na consecución de financiamento a través das publicidade. É unha tarefa pendente ser quen de voltar á normalidade en canto ás datas de publicación e reparto do voceiro.

2.2.3 Festigal

Por outro lado, existía certo nivel de apatía na organización que se amosou coa baixa participación no voluntariado do Festigal e na asistencia ás actividades ao redor do 25 de xullo, con cifras de voluntarias moito menores que en anos anteriores. Aínda así, fomos quen de cubrir todas as necesidades do voluntariado e cumprir coas esixencias requiridas desde a Comisión Festigal e acadar unha asistencia digna na Homenaxe a Rosalía e Castelao (sempre entendendo que o nivel de asistencia dos anos anteriores era complexo de acadar).

O Festigal transcorreu sen incidentes debido, en gran parte, á nova disposición do valado, o que fixo que o Servizo de Orde puidese desenvolver mellor o seu traballo. Unha eiva que levamos tempo detectando e que debemos tentar de resolver para vindeiras edicións é a de aumentar a simboloxía patriótica e orgánica dentro do espazo do Festigal.

Após o Festigal, a nosa actividade viuse comprendida en actos concretos, como o Día da Galiza Mártir en Poio e Pontevedra e á montaxe de postos informativos e de material en diferentes festivais do país. Esta é unha práctica importante a realizar durante o verán, xa que favorece moito a visibilización e referencialización da organización ademais de xerar uns ingresos notables para as finanzas de Galiza Nova.

2.2.4 Homenaxe e Ruada pola Independencia

O acto de homenaxe a Rosalía e Castelao deste ano 2019 supuxo un cambio no formato, coa participación de dous coñecidos youtubeiros galegos e mantendo unha actuación musical ao remate. En canto á loxística e a montaxe do acto, aconteceu sen contratempos e dun xeito máis rápido e efectivo que en anteriores edicións.

En canto á asistencia, estívose por debaixo da cifra acadada na pasada edición, unha edición cunha asistencia histórica debido á importancia do acto (30 aniversario de Galiza Nova) e tamén debido ás actuacións musicais realizadas (SonDaRúa e NAO). Se ben a asistencia foi máis reducida, foi unha asistencia notábel, que demostra que con menos capacidade económica que no pasado, e atravesando unha situación excepcional, existe capacidade de convocatoria.

A Homenaxe transcorreu sen incidentes salientábeis. En canto á III Ruada pola Independencia, cabe destacar os erros loxísticos e de organización que se deron tanto na saída como na chegada da mesma. Alén disto, o cambio de percorrido tivo aspectos positivos e negativos que cómpre analizar. Por unha banda, a escolla do casco vello da cidade de Compostela é axeitada para o número de persoas que integraron a Ruada, mais tivo a contrapartida do pouco espazo para levar a bandeira da Patria da cabeza da Ruada, así como tamén o encontro imprevisto con outra convocatoria ao noso paso polo Casco vello.

2.2.5 Xornadas de Verán da Mocidade Galega

O comezo do curso político tivo lugar coa organización das XXX Xornadas de Verán da Mocidade Galega na comarca do Baixo Miño. A pesar do positivo das xornadas a nivel formativo, houbo varias eivas que deben solucionarse: existiu unha importante des-coordinación entre a nacional e a comarca, o programa e os textos previos foron enviados con pouca antelación e a participación foi menor que en anteriores edicións.

Neste senso, avalíouse a posibilidade de atrasar a convocatoria destas xornadas para o vindeiro ano, outorgando máis tempo para a súa programación.

3. Segundo tramo do período

3.1 Situación organizativa

O último ano e medio do período estivo marcado polo impacto que a pandemia da COVID-19 tivo na mocidade galega e tamén sobre a nosa organización. Após a Asemblea Nacional Extraordinaria, a organización tivo certas dificultades para recuperar o dinamismo e a capacidade de xerar traballo propio, ademais de verse rapidamente enfocado cara a unha campaña electoral, as Eleccións Xerais de novembro de 2019, que viría seguido do anuncio de convocar Eleccións Galegas o 5 de abril de 2020.

Non obstante, o Estado de Alarma e o confinamento obrigatorio decretados en marzo de 2020 obrigaron á organización a frear as campañas previstas e redirixir o traballo a ter unicamente presenza nas redes sociais. Neste momento a organización entrou tamén no seu propio período de confinamento, con traballo escaso e con múltiples dificultades para manter o funcionamento habitual das Asembleas Comarcais. Cabe destacar a presión que supuxo para a mocidade galega o transcurso da pandemia, o tempo de confinamento e todo o que isto supuxo.

Vivimos, pois, un período completamente anómalo cunha incerteza en todos os eidos da nosa vida, sexa estudantil, laboral ou social, feito que dificultou moito o traballo político das militantes nas comarcas e mesmo a capacidade das mesmas para involucrarse no traballo e análises colectivas.

Após a desescalada, recuperouse o traballo dirixido ás eleccións ao Parlamento Galego, que ademais contaban cunha importante presenza de Galiza Nova dentro das candidaturas. Estas eleccións supuxeron un importante avance para o BNG, que triplicou o seu número de deputadas, converténdose así na forza líder da oposición. Tamén supuxo un importante reforzo para Galiza Nova, pois das 19 deputadas nacionalistas, 3 son integrantes de Galiza Nova, algo totalmente inusitado na organización xuvenil.

Esta campaña electoral supuxo un importante revulsivo, pois facilitou o achegamento dun grande número de mozas á organización, ao tempo que tamén permitiu recuperar a actividade de rúa de Galiza Nova, “desconfinando” así múltiples comarcas. Non obstante, a situación epidemiolóxica continuou sendo fulcral nos meses seguintes.

A comezo do período implantouse un novo xeito de traballar, os grupos sectoriais ou grupos de traballo. Alén das virtudes, que amosaba este xeito de traballar, sobre o papel, o certo é que a maior parte dos grupos, con excepcións, ficou sen demasiado contido nin operatividade, non sendo quen de achar o xeito para un bo funcionamento deste espazo. Un dos obxectivos que nos marcamos na ANE do 2019 foi o de mellorar a comunicación interna da Galiza Nova. Neste senso melloráronse as comunicacións por canles orgánicas así como a afluencia das ferramentas que temos como organización como correos circulares e “Galiza Nova Comunicación”. Con todo, debemos continuar nese camiño e ampliar o traballo para acadar unha mellor comunicación interna.

3.2 Traballo realizado

3.2.1 Campañas nacionais

Máis alá das campañas deseñadas pola Asemblea de Mulleres e a Asemblea LGBT, ou das propias campañas de lingua que pivotan arredor do 17 de maio, desde a Dirección Nacional deseñáronse varias campañas ao longo deste período, tendo maior importancia as deste último ano. Como xa se comentou anteriormente, a situación epidemiolóxica supuxo un importante paro na actividade organizativa, que se manifestou tamén na incapacidade de impulsar e consolidar esta modalidade de traballo. Así, durante o 2020 a actividade foi máis puntual e limitada a posicionamentos illados. Pola contra, durante o 2021 desenvolvéronse tanto unha campaña de emprego (Prendamos lume ao capital) coma unha campaña contra o espolio enerxético a través do boom eólico (Que non nos rouben o vento). Ambas campañas tiveron un enfoque moi visual e facilmente asimilable, que permitiron a difusión dos seus materiais a través das redes sociais. Ademais, aproveitáronse as mobilizacións convocadas para distribuír o material deseñado. Non obstante, o traballo realizado desde as comarcas foi novamente escaso.

3.2.2 Campañas electorais

Durante este período déronse dúas importantes campañas electorais, a das Eleccións Xerais, tras as que o BNG recuperou a súa presenza no Congreso dos Deputados, e a das Eleccións Galegas, que converteron á fronte patriótica na líder da oposición. Desde a Dirección Nacional desenvolvéronse sendas campañas nacionais, enfocadas sobre todo ás redes sociais, “A mocidade vota BNG” e “A Galiza que nos deixan” co gallo de crear unha contraposición clara entre o proxecto que representa o PP na Galiza e o que representa o modelo do BNG ou “A Galiza que queremos”. A actividade en ambas campañas foi encadrada dentro da actividade programada polo BNG e mais alá desa actividade de redes, o traballo foi escaso.

3.2.3 Semana da Patria. Homenaxe a Rosalía e Castelao.

A campaña electoral desenvolvida no 2020 de cara ao 12X, sumada á recente desescalada provocou que nese ano non se realizase a Semana da Patria nas comarcas. Tampouco se editou o voceiro nacional “Mocidade” no formato físico, en parte por non contar cos puntos habituais de distribución (remate das aulas, Festigal, etc). Estas eivas foron solucionadas no ano seguinte, onde se recuperou a Semana da Patria, cunha importante presenza nas comarcas de todo o País. Neste caso, priorizouse a existencia de actividade en tódalas comarcas posíbeis, por riba do número absoluto de actos realizados, acadado unha presenza importante no territorio. Tamén se editou o voceiro “Mocidade”, aínda que se optou por variar o formato con respecto aos últimos anos, ao consideralo máis facilmente distribuible e accesible para a súa lectura. Outra variación importante é que se realizou sen contar co financiamento a través de publicidade de diferentes locais ou organismos por non consideralo axeitado dada a situación de pandemia.

No 2020 a Homenaxe a Rosalía e Castelao realizouse, coma sempre, en Bonaval, aínda que no presente ano tivo que trasladarse ao interior da igrexa polas condicións climatolóxicas. Constatamos a boa acollida que ten este formato, no que se conxugan as intervencións políticas con actuacións musicais. A asistencia, se ben se mantivo nun nivel axeitado en ambas convocatorias, foi moito menor aos anos anteriores, ao contar cun importante protocolo antiCOVID e ao cancelarse o Festigal.

4. Relacións internacionais

Neste período fortalecemos as relacións internacionais xa existentes, nomeadamente dentro das nacións sen estado que se atopan dentro do estado español e creamos novas relacións internacionais con organizacións xuvenís de recente creación, como é o caso de Mallorca Nova ou Ahul (Xuventudes de Agora Canarias).

Ao longo destes anos participamos en varias xornadas internacionais, tanto de formación como xornadas de reivindicación ou de loita. Son o caso da participación na Diada 2019, convidadas polas JERC e por La Forja, a asistencia ininterrompida á Festa do Avante, participamos nas xornadas internacionais de formación das JERC realizadas no 2019 en Girona, onde compartimos espazo con diferentes organización xuvenís do estado e de Europa e participamos tamén como poñentes convidadas nas xornadas de formación das xuventudes do Bloco de Esquerdas en Braga, de Mallorca Nova e de Ahul, estas últimas de xeito telemático.

No vindeiro período é vital manter o contacto e as actividades coas organizacións coas vimos tendo contacto, así como tamén ficar abertas a ampliar as nosas relacións internacionais con novas organizacións que poidan xurdir e tamén coas xa existentes.

Cabe destacar o nutrido da representación internacional no Día da Patria 2021, feito que serviu para continuar a estreitar lazos coas organizacións coas que xa viñamos tendo contacto así como tamén para coñecer máis en profundidade a organizacións de nova creación.

Malia todo debemos destacar a dificultade no desenvolvemento do traballo de relacións internacionais por mor da COVID-19, xa que moitos eventos e xornadas foron canceladas durante o ano 2020.

5. Formación

Un dos aspectos que se considerou de maior importancia foi o da formación da militancia e manter no tempo unha liña de formación transversal. Ao longo deste tempo priorizouse na elaboración das campañas de axitación, un discurso pedagóxico e formativo, quer para a militancia, quer para a mocidade á que estas se dirixen.

A intención nos últimos anos estivo orientada a promover unha participación activa da militancia, especialmente a través das xornadas formativas, fuxindo da tradición de aula maxistral. Na XV Asemblea Nacional de Galiza Nova a militancia valorou aumentar a carga teórica das xornadas formativas, así como facer énfase pedagóxico en destrezas máis prácticas. O deseño e planificación de xornadas e material traballou ao longo dos últimos anos nas liñas marcadas pola totalidade da organización.

5.1 Xornadas formativas:

Aínda que tentamos que a pedagogía sexa unha constante no discurso de Galiza Nova para co País que queremos, cómpre resaltar aquelas que son eminentemente formativas, como as Xornadas de Historia de Galiza, Xornadas de Verán, Xornadas Feministas ou Xornadas LGBT.

En febreiro de 2019 tiveron lugar as XX Xornadas de Historia de Galiza en Lugo. Foron as máis teóricas por definición, elaborándose desde a Comisión Permanente un extenso documento de traballo que acabaría, ademais, servindo de base para o deseño de actividades formativas a nivel comarcal e como material base no que basear ese carácter pedagóxico no discurso de Galiza Nova ao que faciamos referencia. A formación estivo orientada cara tres piares fundamentais: análise do Sempre en Galiza, a historia do nacionalismo galego no último século e á comunicación política como ferramenta de transformación social.

Como primeiras xornadas nas que o contido dependía en grande medida da Responsabilidade Nacional de Formación e da Comisión Permanente, foi preciso analizadas fondamente para concretar aínda máis o modelo. Neste senso, avalíouse a necesidade de combinar dun xeito máis efectivo formación teórica con formación práctica, pois aínda que os niveis avaliados de satisfacción foron altos, a participación da militancia máis nova foi escasa.

A comezos do curso escolar ese mesmo ano celebraríanse as XXX Xornadas de Verán no Baixo Miño. A temática central das mesmas xirou arredor da loita sindical, con palestras que se complementaron con actividades de coñecemento da historia e do patrimonio natural da contorna. A pesar do positivo das xornadas a nivel formativo, houbo varias eivas que deben solucionarse: existiu unha importante descoordinación entre a Nacional e a Comarca, o programa e os textos previos foron enviados con pouca antelación, e a participación foi menor que en anteriores edicións. Neste senso, avalíouse a posibilidade de demorar a convocatoria destas xornadas para o vindeiro ano, outorgando máis tempo para a súa programación.

En febreiro de 2020 tiveron lugar as XXI Xornadas de Historia de Galiza en Allariz. Desta vez intentouse calibrar con maior exactitude ás demandas formuladas pola

militancia, isto é, unha proposta que fose quen de harmonizar formación teórica, formación práctica e coñecemento da contorna. Ao posuír como eixo central os movementos sociais foi posíbel conxugar o papel que estes tiveron na historia recente de Allariz co papel que a organización debe representar neste eido. Púidose, ademais, contar coa participación de entidades alleas á organización para outorgar un punto de vista externo á organización mais interno a dous movementos sociais, o que introduciu un compoñente de realidade na formación. Avaliáronse eivas a nivel de desenvolvemento, mais dentro do previsíbel xa que era a primeira vez que se levaban á práctica as actividades realizadas.

Coa chegada da pandemia foi imposíbel continuar a realizar as xornadas formativas de Galiza Nova no seu formato tradicional. Porén, as novas tecnoloxías possibilitaron as primeiras xornadas telemáticas, as XXXI Xornadas da Mocidade Galega. O eixo central destas foi o futuro das normativas do galego e a figura de Ricardo Carvalho Calero, homenaxeado este ano no Día das Letras Galegas, contando con tres palestras formativas e unha actividade práctica. Os principais problemas deste evento foron as dificultades técnicas e a escasa asistencia e participación da militancia, que motivaron a cancelación da última das actividades programadas. Cómpre analizar as causas do mal funcionamento destas e, ao mesmo tempo, revisar o formato desexado para outras charlas semellantes durante o tempo de pandemia.

Visto o complicado que resultaba convocar á militancia telematicamente para a formación, valorouse, xa comezado o 2021, deslocalizar as propostas formativas ata poder retomar o

formato tradicional. Formulouse unha proposta combinada de catro actividades, tres a desenvolver nas comarcas polas responsabilidades e unha final a nivel nacional. Aínda que as tres primeiras foron avaliadas positivamente polas comarcas que as levaron a cabo, a meirande parte das comarcas non o fixeron, pois os meses de abril e maio coincidiron con campañas do BNG e coa preparación das actividades relacionadas coa Semana da Patria. Porén, valorouse positivamente a creación dun banco de actividades formativas permanente ao que as comarcas poderán acudir periodicamente para a realización de actividades de formación.

5.2 Material e publicacións

Este foi o elemento máis feble ao longo do último período interasemblar. Avaliáase negativamente a non creación de novos materiais para espallar a mensaxe da organización. Márcase como obxectivo de cara o vindeiro período dúas cuestións: a elaboración dese Banco de Actividades e os Boletíns Formativos, xa acordados na XV Asemblea Nacional.

6. Comunicación

O traballo da área de comunicación de Galiza Nova, ao comezo do periodo, centrouse primeiramente na sistematización das publicacións en redes sociais, xa que entendiamos da necesidade de continuar co traballo iniciado pola área de comunicación da etapa anterior no eido das redes sociais. Debido ao contexto político do momento, centrouse a mensaxe de Galiza Nova no combate e na referencialidade na resposta política contra o fascismo e a extrema dereita.

Alén deste traballo, presentouse un plan de comunicación e campaña para as eleccións municipais e xerais, que tentaba facer fincapé nas cuestións concretas e do día a día das vilas e comarcas do País á vez que se ligaban cuestións concretas á necesidade da soberanía.

Este traballo viuse paralizado polo proceso interno onde finalmente sería expulsado o Secretario Xeral e reconfigurada após a Asemblea Nacional Extraordinaria.

Após a Asemblea Nacional Extraordinaria fixouse como obxectivo no eido da comunicación a publicación periódica de contidos (formativos, de posicionamento político) cunha linguaxe clara e sinxela co obxectivo de atraer á mocidade do País. Así mesmo, as campañas nacionais do resto de responsabilidades (vivenda, emprego, feminismo) intentouse coordinar traballo para a calendarización das publicacións e a coordinación co Servizo Nacional de Publicacións (SNP).

Posteriormente, tiveron lugar as eleccións xerais do 10N onde se amosaron de maneira esquemática as propostas políticas que levaba o BNG no seu programa electoral e afectaban de maneira directa á mocidade. Neste momento, a organización frontista conseguiu representación no Congreso a través da acta de Néstor Rego. Pulamos pola difusión de contidos de gran impacto nas Redes Sociais como a campaña nacional do 25N.

Nas eleccións galegas que non se levaron a cabo por mor da pandemia e a declaración do estado de alarma, realizouse unha campaña en dúas partes, unha negativa sobre a situación actual e unhapositiva coas medidas que defendíamos, baixo o lema "A Galiza que Queremos". Durante a pandemia, ofrecemos contidos lúdico-formativos á mocidade do País e intentamos que a actividade nas Redes fose en aumento, pondo como exemplo a campaña de lingua que se dedicou a Carvalho Calero pola súa conmemoración no Día das Letras Galegas. Nos comicios galegos, apostamos por continuar pola campaña formulada para as anteriores eleccións con contidos máis esquemáticos e visuais, ademais de pór en valor as mozas e mozos que formaban parte das candidaturas do BNG a través do lema "Construír o futuro".

Despois dos resultados electorais destacamos a presenza de Galiza Nova na cámara galega e levamos a cabo unha campaña de difusión animando a formar parte da organización. Continuamos apostando por contidos esquemáticos, visíbeis e claros na campaña de ensino e por contidos máis audiovisuais como o vídeo "Precisamos de ti" ou en contra monarquía española.

7. Finanzas

As achegas da militancia continúan a principal vía de financiamento da organización, mais neste período conseguimos fortalecer a independencia económica e o autofinanciamento da organización a través de diferentes vías.

O traballo da Área de Organización e de Finanzas fixo posíbel que unha maioría da militancia domicilie a súa cota, feito que facilita e asegura o cobro da cota ao tratarse dun proceso automatizado. Ademais, logrouse reducir perdas económicas derivadas da devolución dos recibos bancarios por imposibilidade de cobro a unha porcentaxe mínima sobre o total. Tamén desde esta Área, aseguráronse os ingresos complementarios que supoñen as subvencións, obtendo unha resolución favorábel das administracións en todas as solicitudes que Galiza Nova presentou.

A liña positiva nos ingresos por venda de material da organización en festivais, actos políticos, eventos e na loxa virtual viuse truncada ca chegada da Covid-19. O poón total que vivimos a comezos do pasado ano e as posteriores medidas sanitarias implantadas para combater a pandemia reduciu a vía de ingresos deste tipo a case exclusivamente a venda online. Foi no verán do 2021, aproveitando a Semana da Patria, cando comezamos a recuperar a normalidade e poñer postos físicos de venda.

Logo dun inicio do período asemblear onde a situación financeira de Galiza Nova estaba condicionada polas débedas, logramos non só rematar con elas senón acadar unha maior solvencia financeira. Grazas, en parte, a unha nova vía de financiamento baseada na achega que as deputadas de Galiza Nova realizan á organización mensualmente.

8. Expansión organizativa

Este período foi positivo no que ten que haber ca expansión do proxecto político que representa Galiza Nova. Foron as eleccións xerais celebradas en novembro do 2019 as que marcarían un punto de inflexión, xa que a partir desa cita electoral as solicitudes de afiliación aumentaron considerabelmente, logrando aumentar a base militante en lugares onde antes non tiñamos implantación. Semanas antes do confinamento decretado en marzo de 2020 grazas a este aumento de militancia lograronse conformar as comarcas da Barbanza e de Tabeirós-Deza

Despois do paro organizativo que supuxo o confinamento e rematar as diferentes fases da desescalada, encaramos un novo proceso electoral. Desta vez foron as eleccións galegas as que traerían consigo un importante caudal de peticións de información para a afiliación en Galiza Nova, cunha porcentaxe de afiliacións reais aceptábeis.

Neste segunda fase, e coa chegada de nova militancia, fomos quen de conformar as comarcas de Ferrolterra, Monterrei-Viana Asemblea da Emigración e localidades como A Fonsagrada, alén de facer máis forte a grande parte de comarcas do país.

Na expansión organizativa neste último período hai que destacar a integración da organización Xuvenil Isca! no seo de Galiza Nova. Isto produciuse após un proceso bilateral de negociacións e posta en común, que rematou coa integración formal de Isca! en Galiza Nova, asinando as dúas organizacións un protocolo para tal motivo.

9. Sectorial

9.1 Asemblea de Mulleres

Este período interasemblemear comezou dentro da Asemblea Nacional de Mulleres cuns obxectivos e tarefas a curto e medio prazo en canto ao traballo dentro e fóra da organización que marcaron a liña de acción deste organismo en materia de feminismo. O prioritario era lograr a participación de máis mulleres na Asemblea de Mulleres, xa que esta continuaba a manterse baixa en relación ao número de militancia. Para isto, entendíamnos que parte da solución pasaba pola constitución de novas Asembleas Comarcais de Mulleres naquelas comarcas ou localidades onde aínda non existisen, así como dinamizar o organismo da Mesa Nacional de Mulleres, entendendo que debería ser o encargado de coordinar e impulsar o traballo inmediato en materia de feminismo no seo da organización.

Con todo, a participación numérica nas Asembleas Nacionais de Mulleres mantívose baixa polo que se tornaba moi difícil a socialización do traballo e dos acordos co conxunto das mulleres integrantes da AM. Isto sumouse ao mal funcionamento da Mesa Nacional, na que o peso organizativo recaía nun par de persoas e tampouco nunca chegou a funcionar como un ente cohesionado dificultou sacar adiante actividade. De feito, o traballo alén das campañas nacionais deseñadas de xeito case individual, foi case inexistente.

A maiores, ao longo do período, analizouse en diversas ocasións a necesidade de mellorar o Protocolo contra as violencias machistas e LGBTfóbicas a fin de paliar as diversas eivas que se viñeran detectando. Novamente esta foi unha tarefa que ficou pendente. Xunto a isto, detectáronse defectos tamén na comunicación entre as mulleres do BNG e as mozas de Galiza Nova, ficando estas últimas fóra de debates interesantes que se teñen dado nos últimos tempos dentro do BNG. Ademais, após detectar unha falta de compromiso para coa participación noutros espazos feministas de referencia -como é a Marcha Mundial das Mulleres-, fíxose un primeiro achegamento a esta tendo unha reunión na que ficou reflectida a vontade real das mozas de Galiza Nova de participar máis activamente neste espazo.

A nivel externo, o comezo do período destacou pola visibilización de material gráfico que recibiu moi boa acollida e do cal puidemos aproveitar o deseño para renovar a imaxe da ANM sacando incluso crachás, camisolas, colantes e material axitativo. Continuouse tamén coa edición do Activas centrando o discurso deste no encaixe das mulleres dentro do sistema capitalista nun contexto de aumento da explotación de clase. Nesta nova edición do voceiro da ANM, púxose en valor a vinculación do feminismo coa soberanía nacional e as loitas de mulleres na Galiza. Con ese mesmo enfoque sacouse unha camisola da ANM co lema da campaña Feminismo sen tregua para liberar Galiza, poñendo de novo énfase na relación entre opresións.

Infelizmente, neste período tamén tivemos que reaccionar ante agresións machistas acontecidas no seo da nosa organización. Desde a Comisión Permanente e a Dirección Nacional así como desde a ANM, procurouse resolver estas situacións do mellor xeito posible e en concordancia co noso ideario, mais cómpre seguir traballando nesta cuestión e nomeadamente na prevención deste tipo de situacións para sermos eficaces e cumprir coa praxe feminista. Do mesmo xeito, desde a ANM

continuouse dando resposta ás agresións machistas e aos feminicidios que se deron na Galiza en forma de comunicados e chamándo á mobilización social.

9.2 Asemblea LGBT

Durante este período a Asemblea LGBT sufriu certas dificultades que impediron un traballo mantido no tempo de xeito harmónico. Xa na XV Asemblea Nacional analizamos a dificultade para marcar traballo propio para priorizar a actividade das nosas organizacións LGBT de referencia, nomeadamente, Avante LGBT+. Asemade, evidenciouse tamén a incapacidade para xerar traballo fóra das dinámicas nacionais, pois só a AC LGBT de Compostela foi quen de desenvolver unha campaña propia. Pese a isto, mantívose a actividade arredor das efemérides do colectivo LGBT, remarcando con especial énfase o Día Galego da Visibilidade Lésbica, 8 de xuño. Tamén se mantivo a presenza nas rúas, participando das mobilizacións convocadas ao longo do período, aínda que se procurou sempre non ocupar o lugar que debían ter as organizacións LGBT. Salientar, neste sentido as mobilizacións que tiveron lugar no final deste período tralo asasinato homófobo dun mozo na Coruña e que supuxo unha forte consternación no colectivo, nas que a militancia de Galiza Nova tivo unha alta participación e implicación.

Temos constatado tamén a simpatía que esperta o traballo LGBT entre persoas alleas á organización, e incluso o feito de contar con material propio da Asemblea para a súa venta e difusión. Cómpre continuar reforzando este eido no futuro para poder sumar máis xente ao proxecto de Galiza Nova.

Ainda que no anterior período analizamos a pertinencia de continuar realizando traballo conxunto coa Asemblea de Mulleres, este só chegou a efectivizarse nunha campaña concreta, "Mulleres combativas contra as violencias machistas", na que se aproveitou a proximidade do Día da memoria trans (20 de novembro) e o Día contra as violencias machistas (25 de novembro) para elaborar unha proposta conxunta. No futuro é preciso reforzar esta liña de traballo, que nos permite afianzar as análises feitas por ambas asembleas e que supón unha importante fonte de formación para a organización. Tamén ficou por desenvolver o voceiro propio da Asemblea LGBT.

9.3 Lingua

No que respecta á área de lingua destaca o traballo feito arredor das campañas encadradas no mes das Letras Galegas. No 2019, ano dedicado a Antonio Fraguas, destaca a campaña que levou o nome de Presente de rebeldía, futuro en galego. Do mesmo xeito, como é habitual, tamén houbo artigos denunciando o modelo galegófono do Partido Popular como o de Continúa o plan do PP contra o galego.

No 2020 a campaña de lingua, coma o resto de campañas, tívose que adaptar á pandemia e comezou por reclamar a ampliación do ano Carvalho Calero 2020 ao 2021 ao considerarmos que a pandemia da Covid19 impedía un correcto desenvolvemento e divulgación da figura do escritor homenaxeado.

Dentro deste contexto, elaborouse unha campaña máis ampla coa que contamos con entrevistas e artigos de expertos e expertas na figura de Ricardo Carvalho Calero que foron sendo publicadas periodicamente.

Alén disto, tamén levamos a cabo as XXXI Xornadas de Verán que nesta ocasión tiveron a lingua galega como temática principal. Estas xornadas realizáronse de xeito telemático e nelas falouse principalmente da norma ortográfica da nosa lingua, da posibilidade da introdución do binormativismo e da figura de Carvalho Calero, con debates en directo entre expertas como Mercedes Queixas e Antia Cortiñas.

Igual que en anos anteriores, tamén houbo artigos na nosa web analizando neste caso a historia e vida de Carvalho Calero e a súa defensa da nosa lingua e do noso país.

Finalmente neste ano 2021, realizouse unha campaña diferente. Neste ano dedicado a Xela Arias optouse por levar a cabo unha campaña audiovisual na que persoas pertencentes a diferentes eidos laborais non sempre asociados ao uso do galego nos contaban dun xeito ameno e sinxelo cales eran os seus motivos e razóns polas que empregaban o galego no seu traballo e nas súas vidas. Para esta campaña recuperouse a idea e imaxe de campañas anteriores como a de Rebélate, fala galego!.

Por último, no mes de xullo realizouse un coloquio ao aire libre na vila de Soutomaior na que se falou da figura tanto literaria como política de Xela Arias. Para iso, contamos de novo coa presenza de expertas na materia como Marta Dacosta e Mercedes Queixas e tamén coa música de O Rabelo que interpretou cancións propias e poemas de Xela Arias.

9.4 Ecoloxismo

A folla de ruta en materia de ecoloxismo marcada na XV Asemblea Nacional foi seguida de xeito moi parcial. Durante a maior parte do período a organización mantivo unha actitude reactiva en forma de breves comunicados sobre aquelas noticias especialmente sensíbeis na materia, véxanse os incendios forestais, a contaminación de mares e ríos, os macroparques de aeroxeradores ou as minas a ceo aberto. Temos fallado á hora de traballar dun xeito máis activo co movemento ecoloxista e non existiu en case ningún momento unha canle de diálogo coa nosa organización ecoloxista de referencia, ADEGA. Tampouco se ten encetado o traballo na temática do benestar animal, tal e como se acordara.

En canto a aquelas accións que si fomos quen de levar á práctica con traballo propio, destacan as comitivas para as manifestacións contra a Mina de Touro-O Pino, contra os incendios e por un novo modelo forestal, e contra a invasión dos grandes parques eólicos. Como acción máis proactiva, debemos destacar a deseucaliptización realizada na comarca do Condado, un tipo de acción directa que as restricións da pandemia non permitiron replicar. Tamén cabe mencionar como nota positiva a introdución da temática ambiental, de coñecemento do territorio e da crise climática nas xornadas de formación, nas que houbo colaboración de colectivos do movemento ecoloxista galego que achegaron a súa visión.

No que ten a ver coas prácticas diarias da organización, parte esencial do traballo en

ecoloxismo para gañarmos credibilidade e coherencia discursiva, os resultados foron modestos. Se ben é certo que a redución da edición de material impreso foi considerábel, é preciso recoñecer que o verdadeiro motivo por trás disto foi a práctica imposibilidade de realizar repartos masivos e xuntanzas presenciais en boa parte do período. Sí cómpre saudar as melloras introducidas na loxística dalgunhas xornadas de formación (antes da pandemia de COVID-19) pois tanto as xornadas de verán no Baixo Miño como as de Historia da Galiza en Allariz consideraron a sustentabilidade e o baixo impacto ambiental en boa parte das actividades.

9.5 Publicacións

Ao remate da asemblea nacional extraordinaria a organización centrouse en sumar esforzos á campaña do BNG para as eleccións xerais do 10 de novembro. Unha vez comezada a pandemia sacouse unha liña de deseños para acompañar as publicacións na web, a campaña da clase obreira, o Galetrivial e as diferentes publicacións con relación á situación sanitaria. O Servizo Nacional de Publicacións (SNP) constituíuse antes de comezar cos preparativos da campaña para as eleccións galegas e desenvolveu un traballo moi intenso creando unha liña de deseños para ilustrar as propostas relacionadas coa mocidade baixo o lema propio “Construír o futuro”.

Unha vez rematada a campaña a SNP mantivo unha xuntanza na que se acordou realizar unha renovación de imaxe de cara o seguinte período e valorábase facer un logotipo novo. A raíz disto renováronse as cores corporativas da organización. Nas seguintes xuntanzas (decembro do 2020) acordouse facer unha análise profunda sobre a imaxe da organización, a comunicación gráfica e a elaboración de novas propostas comunicativas. A partir deste momento a SNP foi perdendo pulo e non se concluíron estas análises que deberían facerse con detemento no novo período interasemblar.

Nesta etapa tamén se apostou polo incremento do material audiovisual da organización. Acordamos que era prioritario elaborar vídeos sempre que a situación organizativa e económica o permitira. Nesta liña tiveron moi boa acollida os diferentes vídeos realizados coa asemblea de mulleres para as súas campañas do 8-M e 25-N, o vídeo da campaña “Lume contra o capital” e o vídeo do 12-O “Pola república galega”. Tamén se comezou un traballo moi importante e que debería ter continuidade coa “Sementeira de ideas” na nosa canle de directos en Twitch.